



Segunda Lingua Estranxeira

Carga horaria: 3h. Departamento: Linguas Estranxeiras.

Se optas por seguir estudando unha segunda lingua, podes escoller Francés ou Portugués. Era bo que sexa a mesma que estudaches nos cursos anteriores, pero non é imprescindible. A nivel académico as dúas linguas teñen a mesma validez, polo tanto, para escolleres debes atender a outras razóns (que se che dea ben, que che guste, os estudos que vaias facer despois...), se cadra para orientarte váleche o que che contan os departamentos que imparten cada unha delas:

Por que estudar francés na ESO ?

Mais de 200 millóns de persoas falan francés nos cinco continentes e Francia é un país que está moi preto de nós. Aprender francés permite descubrir a riqueza e a diversidade das culturas francesas e francófonas: cine, canción, teatro... Así, anímate a estudar francés na ESO, unha lingua románica próxima ó galego, polo que a aprendizaxe resulta máis fácil, rápida e eficiente. Francia é un destino estranxeiro favorito dos españois: aprender francés permitirache viaxar ou traballar en moitos países francófonos como Bélxica, Suíza, Canadá, Haíti...

Por que escoller Portugués na ESO?

Vivimos nun mundo no que, cada vez máis, saber linguas é unha ferramenta necesaria e primordial para o éxito. Neste sentido os galegos partimos con vantaxe pois, ademais de sermos bilingües, unha das linguas que falamos ábrenos ás portas a unha terceira lingua, o portugués, que é unha das máis faladas no mundo e con gran potencial no futuro. Así pois, a razón para aprender portugués é clara: con moi pouco esforzo conseguirás o máximo resultado.

Se se che dan ben as linguas, xenial, porque o portugués hache resultar moi doado. Se se che dan mal, non te preocupes, porque esta materia céntrase na comunicación (entender e facerse entender: falar e escribir) e ademais virache ben para mellorar estas destrezas de cara a quitarlle proveito tamén nas outras materias de lingua.

Para estudares portugués non fai falta ter coñecementos previos deste idioma xa que partimos do nivel máis básico.